



Concello A Rúa de Valdeorras
Praza José Antonio Míguez Freire nº 1
32350 - A RÚA (Ourense)
P-3207300-I

Teléfono 988 310 116
Fax 988 311 321

ANUNCIO

O Concello de A Rúa invita ó seguinte procedemento de selección de persoal:

***Denominación e obxecto do posto:**

- Cinco traballadores/as (1 xefe de brigada, 1 peón - condutor e 3 peóns), para a prestación do servizo de carácter temporal consistente na campaña de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2015, que comprenderá un período de tres meses de acordo co convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante actuacións de brigadas de prevención e defensa.

***Titulación e requisitos esixidos:**

- Xefe de brigada:
 - Titulación: Enxeñeiro/a de montes, Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal, Técnico/a Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico/a en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.
 - Carné de conducir en vigor: B
 - Peón-condutor:
 - Titulación: Certificado de escolaridade ou equivalente.
 - Carné de conducir en vigor: B.
 - Peóns:
 - Titulación: Certificado de escolaridade ou equivalente.
- Os requisitos de titulación e carné esixidos deberán posuírse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

***Documentación:**

- As esixidas nas bases de convocatoria para a contratación laboral temporal, de cinco traballadores/as para unha Brigada Municipal para a prevención e defensa contra incendios forestais para o Concello do A Rúa para a campaña do ano 2015, que se entregarán no Concello de A Rúa.

***Presentación de instancias:**

- No Rexistro Xeral do Concello ou remítalas polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de TRES DÍAS HÁBILES, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Diario "La Región".
- Horario de presentación: -de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas.
-sábados: 10:00 a 12:00 horas.



A Rúa a 30 de xuño de 2015
ALCALDESA,
María González Albert